



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2026, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

## ACTIVIDADE

**Multiaventura e aire libre.** Castela e León.

Datas: do **21 ao 30 de xullo de 2026**.

Aloxamento: **Albergue Xuvenil S. Martín de Castañeda (Puebla de Sanabria)**. Carretera Lago de Sanabria s/n  
49361 - San Martín de Castañeda Zamora Tfno: 980 622 053

## SAÍDA

DATA: **21 de xullo de 2026**

HORA: **15:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (entrada principal). R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

## REGRESO

DATA: **30 de xullo de 2026**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

## NOTAS:

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral San Martín de Castañeda** (na segunda páxina deste documento).

## COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



## ALBERGUE XUVENIL SAN MARTÍN DE CASTAÑEDA (PUEBLA DE SANABRIA- CASTELA E LEÓN). MULTIAVENTURA E AIRE LIBRE

### **Datos xerais**

O Albergue atópase en San Martín de Castañeda, xunto ao Parque Natural del Lago de Sanabria, rodeado de bosques de carballos. Conta co lago glaciario máis grande da península ibérica, vales encaixados, morrenas e cañóns. A flora e a fauna son consideradas de grande interese. A situación é propicia para practicar actividades e roteiros de sendeirismo pola zoa.

O albergue está dotado de habitacións múltiples, sala de reunións, piscina de verán, pista polideportiva, biblioteca e sala de vídeo.

### **Enderezo**

ALBERGUE JUVENIL SAN MARTÍN DE CASTAÑEDA

Carretera Lago de Sanabria s/n

49361 - San Martín de Castañeda ZAMORA

Tfno: 980 622 053

<https://reaj.com/albergues/juvenil-san-martin-de-castaneda/>

### **ACTIVIDADES:**

Rutas en BTT polo Parque Natural do Lago Sanabria, kaiak polo Lago de Sanabria, rutas a cabalo, bivaque, excursión a Puebla de Sanabria e visita ao Centro do Lobo Ibérico, veladas, obradoiros e xogos de animación.

**NOTA:** para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

### **Equipamento persoal**

#### **Documentación necesaria**

- DNI ou pasaporte
- Cartilla sanitaria da Seguridade Social ou outro tipo de seguro médico
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

#### **Material recomendado**

- Calzado deportivo, botas de sendeirismo e sandalias de auga
- Roupas cómodas e deportivas, chubasqueiro e algunha roupa de abrigo
- Útiles de aseo persoal e toallas de lavabo, ducha e piscina
- Útiles de piscina: traxe de baño, gorra para o sol, protector solar
- Mochila de tamaño mediano
- Saco de durmir e aillante
- Cantimplora ou botella de auga recargable